



**AGXPT**

---

Agosto 2003

**ESTATUTOS  
da Asociación Galega do  
Xogo Popular e  
Tradicional (AGXPT)**

## Capítulo 1: Disposicións Xerais

- Art. 1**  
**Fins**
- Coa denominación de Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT) constitúese, sometida ao réxime asociativo establecido na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, en Arca - O Pino (A Coruña), unha asociación para a formación, a xestión, a promoción e a defensa dos xogos e deportes tradicionais e populares galegos.
- Art. 2**  
**Obxectivos**
- A Asociación ten por obxecto favorecer o desenvolvemento e a práctica dos xogos e deportes tradicionais e populares galegos. Con este fin, entre as súas liñas de actuación atoparanse as seguintes:
- Creación dunha rede de información e de divulgación sobre as actividades lúdicas populares e tradicionais.
  - Promoción e axuda á posta en marcha doutras asociacións ou entidades de ámbito local ou comarcal con finalidades semellantes ás da AGXPT.
  - Organización de encontros, conferencias, congresos e, en xeral, calquera tipo de actividades que contribúan á consecución dos fins da Asociación.
  - Edición de boletíns, revistas e libros, utilizando os medios audiovisuais para a información e a formación.
  - Promoción e apoio de traballos de investigación orientados ao inventario ou aplicación educativa, deportiva ou recreativa dos xogos e deportes tradicionais.
  - En xeral, todas as iniciativas que favorezan a educación da xuventude e a mellora da calidade de vida de calquera sector de poboación.
- Art. 3**  
**Ámbito**
- O ámbito de actuación da Asociación será todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Art. 4**  
**Duración**
- A Asociación, constituída por tempo indefinido, funcionará mentres poida realizarse algunha das súas actividades.
- Art. 5**  
**Domicilio social**
- O domicilio social da Asociación queda fixado na Rúa Nova, número 2, piso 1º, no lugar d'O Pedrouzo, parroquia de Arca, concello d'O Pino, provincia d'A Coruña, teléfono 981.51.11.13, correo electrónico [AGXPT@tiscali.es](mailto:AGXPT@tiscali.es).

**ESTATUTOS DA AGXPT**

**Art. 6**  
**Legalización** A Asociación quedará legalizada a efectos dos seus propios fins, unha vez sexa practicada a súa inscrición no rexistro correspondente.

## Capítulo 2: Dos/as Asociados/as

- Art. 7**  
**Asociados/as** Os membros da Asociación poderán ser: Fundadores/as, Colaboradores/as e Socios/as. Son membros Fundadores/as aqueles que subscriben a Acta Fundacional. Serán membros Colaboradores/as todas aquelas persoas que a xuízo da Asemblea Xeral cooperen de forma notable no desenvolvemento dos fins da Asociación. Consideraranse Socios/as aqueles membros que colaboren coa Asociación economicamente mediante a cota anual acordada en cada unha das Asembleas Anuais e que participen activamente nas actividades da Asociación
- Art. 8**  
**Asociados/as** Poderán ser membros da Asociación todas as persoas maiores da 18 anos que estean interesadas en fomentar todos aqueles aspectos recollidos nos seus obxectivos fundacionais.
- Art. 9**  
**Dereitos** Os Fundadores/as e Socios/as teñen os seguintes dereitos.
1. Tomar parte nas Asembleas Xerais con voz e voto.
  2. Poder ser elixidos/as para cargos directivos.
  3. Participar de todas as actividades promovidas pola Asociación.
  4. Fiscalizar as contas e solicitar información sobre a Asociación.
  5. Ofertar suxestións e iniciativas á Xunta Directiva e elevar propostas á Asemblea Xeral.
  6. Facer uso de todos os dereitos que, como membros de tal Asociación, lles corresponden polas normas dadas polos organismos competentes.
  7. En xeral, intervir no desenvolvemento e perfeccionamento da Asociación.
- Art. 10**  
**Deberes** Son obrigas dos Fundadores/as e Socios/as:
1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos e o Regulamento do Réxime Interno da Asociación.
  2. Asistir ás Asembleas Xerais.
  3. Satisfacer as cotas que se establezan.
  4. Cumprir os preceptos previstos nestes Estatutos.
- Art. 11**  
**Asociados/as** Os membros da Asociación non poderán realizar individualmente ningunha actividade ou actuación análoga ás que exercite a Asociación en beneficio

común ou no nome da mesma, sen coñecemento e conformidade previa da Xunta Directiva.

- Art. 12**  
**Perda da condición de Socio/a**
- A condición de Socio/a perderase:
1. Por vontade propia.
  2. Por prexudicar gravemente os intereses da Asociación.
  3. Por falta de pago de dúas cotas anuais consecutivas tras apercibimento da Xunta Directiva.
- O socio/a que cause baixa por calquera destes motivos, non terá dereito ningún a indemnización ou restitución das súas contribucións á Asociación.
- Art. 13**  
**Altas**
- Os acordos de admisión de Socios/as tomaraos a Xunta Directiva, estando esta obrigada a comunicar os novos ingresos de Socios/as na primeira Asemblea Xeral inmediatamente posterior a producirse a alta.
- Art. 14**  
**Expulsións**
- A expulsión dos Socios/as será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria. Contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria no prazo de 40 días, contados a partir do mesmo día no que a resolución sexa efectiva.
- Art. 15**  
**Separación temporal**
- A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun asociado/a cando se estea tramitando un expediente sancionador ou cando concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota ou comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de Réxime Interno, pero en todo caso a resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

## Capítulo 3: Dos órganos de goberno

- Art. 16**  
**Órganos de goberno**
- Os órganos de goberno da Asociación son:
- A Asemblea Xeral de Socios/as.
  - A Xunta Directiva.

### Da Asemblea Xeral

- Art. 17**  
**Asemblea Xeral**
- A Asemblea Xeral de Socios/as é o órgano de expresión da vontade da Asociación, e estará formada polos membros da mesma. As Asembleas poderán ser ordinarias e extraordinarias.

- Art. 18**  
**Asemblea Xeral Ordinaria**
- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:
- O exame e aprobación das contas e o balance do exercicio.
  - Decidir sobre a aplicación concreta dos fondos dispoñibles.
  - Aprobar os orzamentos dos ingresos e gastos para cada exercicio.
  - Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
  - Elixir, mediante proceso democrático de elección directa, os membros da Xunta Directiva.

- Art. 19**  
**Asemblea Xeral Extraordinaria**
- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:
- Modificar os Estatutos da Asociación.
  - Decidir sobre a federación con outras Asociacións.
  - Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
  - Elixir os membros da Xunta Directiva, cando se produzan vacantes previas á finalización do seu mandato.
  - Acordar a disolución da Asociación.
  - Designar os liquidadores/as.
  - Ratificar a expulsión dos socios/as proposta pola Xunta Directiva.
  - Solicitar a declaración da Asociación como de utilidade pública.
  - As que, sendo competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar á súa convocatoria sen grave prexuízo para a Asociación.
  - Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

**Art. 20**  
**Asemblea Xeral**

As Asembleas, tanto Ordinarias como Extraordinarias, estarán integradas, en primeira convocatoria, pola metade máis un da totalidade de Socios/as. Transcorridos trinta minutos desde a hora fixada para a constitución en primeira convocatoria, constituiranse en segunda convocatoria cos Socios/as presentes.

**Art. 21**  
**Asemblea Xeral Ordinaria**

A Asemblea Xeral Ordinaria, reunirse necesariamente dentro do mes de outubro de cada ano, e será convocada con 15 días de antelación polo Presidente/a da Xunta Directiva mediante citación persoal. A convocatoria fará pública, ademais, a Orde do Día, que incluírá, se é do caso, puntos expresamente suxeridos por un número non inferior aos doce (12) Socios/as.

**Art. 22**  
**Asemblea Xeral Extraordinaria**

A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirse en convocatoria especial a petición da Xunta Directiva ou dun número non inferior aos doce (12) Socios/as.

**Art. 23**  
**Asemblea Xeral**

O Presidente/a e Secretario/a das Asembleas Xerais, serán os da Xunta Directiva.

**Art. 24**  
**Acordos**

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes, excepto os relativos aos apartados do 1 ao 9 do Artigo 18, que requirirán a maioría de dous tercios dos Socios/as presentes.

**Art. 25**  
**Carácter das decisións**

As decisións soberanas das Asembleas Xerais serán de obrigado cumprimento por todos os Socios/as, mesmo polos non asistentes.

**Art. 26**  
**Recurso contra as decisións**

Os acordos que impliquen actuacións en contra dos Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación, poderán ser recorridos en reposición ante a Asemblea Xeral, no prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte a aquel no que se celebre a Asemblea que os decidiu. A partir da resolución do recurso da reposición, quedará expedita a vía para recorrer ante a xurisdicción ordinaria, no prazo de 40 días hábiles contados desde o seguinte á data de tal resolución.

## Da Xunta Directiva

**Art. 27**  
**Integrantes**

A Xunta Directiva estará integrada por un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro e os vocais que acorde a Asemblea Xeral Ordinaria.

**Art. 28**  
**Duración dos cargos**

Os cargos da Xunta Directiva terán unha duración de dous anos, podendo ser reelixidos os seus membros ao finalizar o mandato.

**Art. 29**  
**Cese dos cargos**

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria ou por remate do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o remate do prazo non dan lugar ao cese automático, senón que deberá ser realizado un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día das persoas que vaian ocupar os cargos a renovar.

- Art. 30**  
**Vacantes** As vacantes que puidesen producirse na Xunta Directiva cubriranse mediante convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria no prazo máximo de 30 días, contados desde o día seguinte á data na que tales vacantes se formalizaron.
- Art. 31**  
**Reunións** A Xunta Directiva reunirase cando menos unha vez ao mes.
- Art. 32**  
**Acordos** Na Xunta Directiva, os acordos tomaranse por maioría simple, e para ser válidos, requirirán a presenza da metade máis un dos compoñentes. En caso de empate, decidirá o voto do Presidente/a.
- Art. 33**  
**Presidente/a** Serán competencias do Presidente/a:  
  1. Acordar coa Xunta Directiva a admisión de novos Socios/as, e propoñer á Asemblea Xeral a expulsión dos Socios/as que concorran nos supostos recollidos no Artigo 12 destes Estatutos.
  2. Ostentar a representación da Asociación.
  3. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral.
  4. Velar polo cumprimento dos fins da Asociación.
- Art. 34**  
**Vicepresidente/a** O Presidente/a poderá delegar na persoa do Vicepresidente/a as funcións que estime necesarias. O Vicepresidente/a será, tamén, quen substitúa ao Presidente/a en caso de enfermidade ou ausencia deste.
- Art. 35**  
**Secretario/a** Serán competencias do Secretario/a:  
  1. Custodiar e manter actualizados os Libros de Actas e de Rexistro de Socios/as, documentos e cuños da Asociación.
  2. Estender as Actas das reunións e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente/a.
- Art. 36**  
**Tesoureiro/a** Corresponde ao Tesoureiro/a:  
  1. Custodiar os fondos da Asociación e manter actualizados os Libros de Contabilidade.
  2. Preparar os balances e orzamentos para a súa aprobación pola Asemblea Xeral.
  3. Autorizar, xunto co Presidente/a, a dispoñibilidade de fondos.

## Capítulo 4: Dos recursos económicos

- Art. 37**  
**Medios económicos**
- A Asociación que, ao iniciar as súas actividades, carece de patrimonio, empregará en cumprimento dos seus fins os seguintes medios económicos:
1. As cotas obrigatorias dos socios/as.
  2. As contribucións voluntarias.
  3. Os donativos e subvencións que reciba.
- Art. 38**  
**Cotas**
- As cotas obrigatorias serán establecidas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en ningún caso, e dedicaranse a atender as necesidades da Asociación.
- Art. 39**  
**Contribución inicial**
- Para a admisión dos novos Socios/as poderá ser fixada pola Asemblea Xeral, como contribución inicial, non reintegrable, unha cantidade discrecional.
- Art. 40**  
**Memoria económica**
- Anualmente, e con referencia ao último día do mes de setembro de cada ano, elaborárase o inventario e balance da situación, que se formalizará nunha memoria e será posto a disposición dos Socios/as durante un prazo non inferior a 15 días do sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.
- Art. 41**  
**Orzamento**
- Anualmente, a Asemblea Xeral aprobará o orzamento. O límite do orzamento fíxase en 60.000 euros.

## **Capítulo 5: Da lingua oficial da Asociación**

**Art. 42**  
**Lingua oficial**

A lingua oficial da Asociación é o galego.

## Capítulo 6. Da disolución da Asociación

**Art. 43**  
**Causas da disolución**

A Asociación disolverase por algunha das causas seguintes:

1. Por vontade dos Socios/as, acordada polas dúas terceiras partes dos socios/as presentes na Asemblea Xeral Extraordinaria.
2. Por imposibilidade do cumprimento dos fins sociais.
3. Por outras causas determinadas legalmente.
4. Por sentenza xudicial.

**Art. 44**  
**Socios/as liquidadores**

Disolvida a Asociación, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará dous socios/as liquidadores/as, que xunto co Presidente/a e o Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación pagando as débedas, cobrando os créditos e fixando o haber líquido restante.

**Art. 45**  
**Liquidación**

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, transferirase a unha entidade de carácter benéfico de Galicia. Esta entidade deberá ser elixida pola Asemblea Xeral Extraordinaria que decida a disolución, por votación simple dos Socios/as presentes.